

Fonte Ready-made, M. Duchamp, 1917/1964 Porcelana branca e pintura, 63 x 48 x 35 cm. Orixinal desaparecido. París, Centre National d'Art et de Culture Georges Pompidou.



As mostras máis representativas da provocación dadá e da súa rebeldía contra os cánones artísticos e estéticos establecidos son os famosos ready-made ("xa feito") de Marcel Duchamp. Trátase de obxectos vulgares, de uso común, cuxa descontextualización do seu uso habitual consegue o efecto de provocación e ao cabo converteunos en obra de arte.

O máis célebre de todos os readymades é a súa famosa *Fonte* presentada en 1917 ao comité de selección de obras dos Independentes da galería Grand Central de Nova York. Nesa ocasión Marcel Duchamp foi convidado pola devandita galería a formar parte do xurado dunha exposición de artistas independentes. Sen

informar a ninguén, o propio Duchamp enviou para expoñer nesa exposición este urinario de porcelana branca asinado co pseudónimo " R. Mutt".

En calquera caso o obxectivo deste ready-made conseguiu plenamente debido a que o xurado, escandalizado, considerouno un acto de groseira provocación e decidiu arrinconar a peza e por suposto non expoñela. Cando a súa *Fonte* foi rexeitada para a exhibición, Duchamp renunciou ao xurado e o incidente causou un escándalo que sacudiu ao mundo da arte.

O asunto realmente interesante foi o que ocorreu cando o xurado se decatou de que o verdadeiro autor de A Fonte non era un descoñecido R. Mutt, senón un artista de certo prestixio: Marcel Duchamp. Nese momento a peza foi readmitida.

Con esta actitude provocadora Marcel Duchamp quixo mostrar a súa desilusión diante as formas tradicionais da arte, pintura e escultura, como medios de expresión, e o seu rexeitamento ante a idea de que a arte e o artista teñen unha "natureza especial" distinta á dos homes e obxectos ordinarios. O seu xesto de enviar á exposición un produto comercial fabricado en serie e asinado por un "artista" inexistente, oponse radicalmente á sacralización da obra de arte como "creación única e irrepitible", saída das mans dun "xenio". Este desafío " antiartístico" propoñía romper coas barreiras da arte e ampliar os seus

horizontes. Na defensa da *Fonte*, apareceu un artigo anónimo no que se defendía da seguinte maneira:

“Se o Sr. Mutt construíu ou non coas súas propias mans a Fonte non ten ningunha importancia. EL ELIXIUNA. Tomou un obxecto da vida diaria, recolocouno de maneira que se perdese o seu sentido práctico, deulle un novo título e punto de vista e creou un novo significado para ese obxecto.”

Cos ready-mades, Duchamp sitúa a esencia do acto artístico na IDEA e selección do obxecto, non na creación nin na imaxe visual da obra. Deste xeito, o artista libérase da manualidade e, polo tanto, da técnica, que a tradición artística entendía como indisolubles do acto creador. Os ready-made, e especialmente a *Fonte*, son o orixe da arte conceptual no sentido de que o que prima neles é a súa capacidade para facer reflexionar sobre que é a arte e como debemos aproximarnos a ela, asuntos esenciais na arte de todo o século XX, e converteuse no precursor da crítica ás formas institucionalizadas da arte, á "cousificación" que lle agarda en galerías e museos, e á súa "desnaturalización" como feito expresivo ou a "fetichización" en mercadoría a que se expón dentro dos exclusivos recintos do mercado da arte

Paradoxicamente, o mundo da Arte acabará aceptando os ready-mades e transformándoos en obras de contemplación estética nos museos. Como dixo o propio Duchamp: "Lanceilles á cabeza os botelleiros e o urinario como unha provocación e agora resulta que admiran a súa beleza estética."